

A Editorial luguesa TrisTram, que mantén aberta a colección “Teatro” presenta un volume asinado por Eduardo Alonso a conter tres obras agrupadas baixo o título xenérico de *Teatro imprevisto*. O volume está prologado por Damián Álvarez Villaláin quen fai un pequeno conto do que foi a traxectoria do autor, vinculada á que se denomina “xeración do 78”: un grupo moi heteroxéneo marcado, sobre todos nos primeiros anos, por un desempeño profesional multiforme. Eduardo Alonso, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo, Dorotea Bárcena ou Cándido Pazó, exemplifican esa realidade, en canto se trata de creadores que se ocupan por igual da interpretación, da dirección, da produción, ou da escrita, ámbito que agora imos tratar.

A traxectoria literaria coñecida de Eduardo Alonso conta con algúns traballos realizados nos seus anos mozos, se ben sabiamos das propostas de reescritura e adaptación de textos clásicos que tiña realizado en colaboración con Manuel Guede. Mais en 2001 publica *O país acuático*, unha obra coa que obtén unha mención especial nun premio de literatura dramática infantil. Agroma entón esoutra dimensión da súa actividade creativa que desenvolve nos últimos anos. Xa escribimos en FARO DA CULTURA sobre o texto titulado *Imperial Café Cantante, Vigo 1936*, onde recreaba a atmosfera, a vida e os conflitos que se viviron na cidade naquela altura, a través da peripecia dunha mancha de persoas que frecuentaban coñecidos locais de vida nocturna onde se presentaban espectáculos musicais e de variedades.

Tempo atrás xa comentamos nestas páxinas o espectáculo titulado *Ensaio*, producido por Teatro do Noroeste e dirixido por Eduardo Alonso a partir dun texto homónimo da súa autoría. Ese é un dos que agora nos chega neste volume, onde tamén se inclúen *Alta Comedia* e *As damas de Ferrol*, que no seu día tamén deron lugar a senllos espectáculos igualmente dirixidos polo autor e producidos por Teatro do Noroeste. Escribiamos daquela que en *Ensaio* aparece a crúa realidade do exercicio profesional, a través da peripecia dunha actriz que loita por sobrevivir na escena e diante da súa propia historia persoal; para sobrevivir tamén ante a crítica teatral, un dos temas

falabamos, a todas esas xentes de teatro que a base de sumar vontades e renuncias contribuíron de forma decisiva a configurar o actual sistema teatral do país.

Alta comedia pode lerse como un estudio das relacións humanas nun

res, que desembocan en situacións tan patéticas como risibles, pois toda a obra esta escrita cun humor acedo, desde unha mirada chea de sarcasmo. En certa medida, o autor recupera o molde da alta comedia do dezanove para ofrecer un retrato desapiadado das pautas de con-

duta dun sector dominante da sociedade actual, no que os homes, e non podería ser doutra forma, levan a peor parte.

As damas de Ferrol parece nacer do mesmo molde, considerando os personaxes propostos. Son, en aparencia, dúas irmás que comparten vellez, traumas, soños, frustracións e algo máis, e que estableceron na súa relación simbiótica pautas de conducta próximas ao vampirismo emocional. De novo aparecen os xogos de dominación e submisión, adobiados con vellos segredos de coíña e mesa de braseiro, que van emerxendo con lentitude e configuran una escena final dominada por un surrealismo grotesco. Estamos ante un texto no que, en aparencia, se produce unha transición constante entre o real e

Delirium ludens

sector social que en Galicia ocupa un lugar preponderante no exercicio do poder, como son os catedráticos de universidade, coa súa cohorte de interinos e bolseiras. A partir dunha relación a tres bandas, móstranse os xogos de amor e desamor, de poder e submisión, entre un home e dúas mulle-



Xogos de perversión, submisión e subsistencia



MANUEL F. VIEITES

emerxentes do texto, sobre a que se ofrece unha visión ácida e corrosiva. Na fin o texto acaba por ser unha homenaxe ás persoas das que antes

o ficticio, entre o verdadeiro e o finxido, o que provoca dúbidas no lector. Nese xogo de probabilidades e incertezas radica un dos valores máis notables dun texto que se pode cualificar como comedia alucinante, delirante ou comedia de sangue, o que nos leva ao xénero do “grand-guignol”.

Sobre Manuel Lourenzo

Na colección “Máscaras”, TrisTram tamén presentaba un volume de estudos dedicado a Manuel Lourenzo. Un libro coordinado polo profesor Roberto Pascual que contén traballos moi diversos, que ofrecen unha análise prospectiva moi completa do que foi a actividade do homenaxeado no campo do teatro e da literatura.

Debemos destacar que desde 1965, ano en que inicia a súa andaina co grupo de teatro da Asociación O Facho, deica hoxe mesmo, Manuel Lourenzo ten activado moi diversos ámbitos de traballo, como a escrita dramática, a dirección de escena, a interpretación, a formación, a investigación ou a edición. Esa traxectoria multiforme aparece vinculada con agrupacións escénicas ben importantes na nosa historia teatral recente, como Teatro Circo, Escola Dramática Galega ou Compañía Luís Seoane. Por iso este libro, adiado algún tempo por razóns varias, se entendeu na súa formulación primeira como unha homenaxe no aniversario dos trinta anos de carreira profesional.

No conxunto hai varias partes. Comeza cunha xeira de traballos moi atinados da man de persoas de recoñecido prestixio, como Laura Tato Fontaíña, María José Ragué Arias ou Helena González; outros proceden de novos investigadores como Iolanda Ogando, Inmaculada López Silva, Roberto Salgueiro ou Roberto Pascual, nos que se ofrece unha panorámica xeral desa traxectoria extensa do autor. Logo vén unha entrevista con Lourenzo realizada por Pablo Rodríguez e unha sección biobibliográfica moi completa, elaborada por Isaac Ferreira. Pon o

ramo a un volume excelente un texto breve do propio autor, titulado, precisamente, “Futuro.” Trátase, xa que logo, dun volume necesario para quen se interese polos estudos culturais, literarios ou teatrais vinculados coa nosa terra, que ofrece ademais algunhas fotos ben interesantes na traxectoria escénica do homenaxeado.